

# Falamos de escola

## O valor da experiencia

Temas sobre os que traballar  
no currículo de Secundaria e Bacharelato

afundacion.org

leitando, por Saturnino Calleja Fernández

ABECEDARIO ICONOGRÁFICO



//Afundación

Obra Social ABANCA

SATURNINO CALLEJA FERNÁNDEZ  
Calle de Valencia, núm. 15 - MADRID

ES PROPIEDAD DE ABANCA



## FALAMOS DA ESCOLA NO CURRÍCULO

Falar da escola implica comprender e reflexionar acerca da propia realidade educativa, e neste sentido forma parte ineludible das competencias clave do currículo e conecta —aínda que sexa indirectamente— con moitas das materias.

«Falamos da escola» ofrece múltiples posibilidades e abordaxes desde diferentes perspectivas temáticas e curriculares. Para que o centro educativo poida elixir sobre que aspecto da escola traballar, presentamos unha escolla dos posibles vínculos co currículo do ensino secundario.

### Obxectivos de ESO e bacharelato relacionados

Esta acción conecta cos obxectivos do currículo de secundaria e bacharelato establecidos no DECRETO 86/2015

- Exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos (...) dereitos humanos, que fomente a coresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade. (BACH)
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades (...) e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes (...) e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. (ESO)
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. (ESO)
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora da súa contorna social. (BACH)
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural (...). (ESO)

Competencias clave	
Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Comunicación lingüística: «(...) é resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades (...) Baséase, en primeiro lugar, no coñecemento do compoñente lingüístico. Pero, ademais, como se produce e desenvolve en situacións comunicativas concretas e contextualizadas, o individuo necesita activar o seu coñecemento do compoñente pragmático-discursivo e socio-cultural».</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Activamos estas competencias a través do diálogo interxeracional nos encontros entre maiores e alumnado coas diferentes dinámicas programadas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: «(...) require, de maneira esencial, a formación e práctica nos seguintes dominios: investigación científica como recurso e procedemento para conseguir os coñecementos científicos (...) O achegamento aos métodos propios da actividade científica (...)»</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Na proposta de traballo escolar, o alumnado pon en práctica dúas ferramentas propias dos métodos de investigación empregados nas ciencias sociais: a entrevista en profundidade, a historia de vida, e análise e interpretación da información.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Competencias sociais e cívicas: «A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís (...) Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintas contornas sociais e culturais, amosar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía»</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado comprenderá as orixes da educación contemporánea como fenómeno vencellado ao proceso de modernización e á construción do estado moderno e como fundamento da democracia.</li> <li>O alumnado traballará en equipo interactuando con persoas doutras xeracións respectando a diversidade cultural e as diferenzas de idade</li> </ul>

### Competencias clave (cont.)

- |   |  |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"><li>• Aprender a aprender: «(...) esixe a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe (...) Aprender a aprender inclúe coñecementos sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe (como se aprende). (...) o dominio desta competencia iníciase cunha reflexión consciente acerca dos procesos de aprendizaxe aos que se entrega un mesmo ou o grupo».</li></ul> | <ul style="list-style-type: none"><li>• O alumnado adquirirá coñecemento acerca da situación da educación no contexto histórico e interxeracional, e a reflexión sobre os procesos de aprendizaxe e a súa evolución ao longo dos séculos XIX e XX, na súa relación con diferentes sistemas e réximes políticos, desde o absolutismo, o liberalismo, a ditadura e a democracia parlamentaria.</li></ul> |
|---|--|

«Falamos da escola»: materias do currículo de secundaria e bacharelato desde as que abordar o proxecto

Presentamos unha escolla de materias desde as que se poden abordar directamente diferentes aspectos da historia da educación:

- Historia do Mundo Contemporáneo. 1.º de bacharelato.
- Historia de España. 2.º de bacharelato.
- Xeografía e Historia. 4.º de ESO.

Outras materias indirectamente relacionadas con este tema son:

- Historia da Filosofía. 2.º de bacharelato.
- Filosofía. 4.º ESO e 1.º de bacharelato.
- Valores éticos. 1.º, 3.º e 4.º de ESO.
- Xeografía e Historia. 1.º, 2.º e 3.º de ESO.
- Xeografía. 2.º de bacharelato.
- Cultura Científica. 4.º de ESO.
- Psicoloxía. 2.º de bacharelato.
- Lingua Galega e Literatura. 1.º, 2.º, 3.º e 4.º de ESO, 1.º e 2.º de bacharelato.

Historia de España	
<p>Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, mais sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, como o europeo e o iberoamericano.</p>	
Historia de España. 2.º de bacharelato	
Bloque 0 Como se escribe a Historia. Criterios comúns	<p>B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas.</p> <p>B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando a fiabilidade.</p>
Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo	<p>B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia.</p> <p>B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.</p> <p>B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista.</p>
Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)	<p>B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases.</p> <p>B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal.</p>
Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)	<p>B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba.</p>
Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)	<p>B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces.</p> <p>B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía.</p>

Historia de España (cont.)	
<p>Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)</p>	<p>B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración.</p> <p>B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar).</p>
<p>Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)</p>	<p>B11.1. Características e evolución do franquismo: posguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do «desenvolvemento» (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973).</p>
<p>Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)</p>	<p>B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas.</p>



Historia do Mundo Contemporáneo

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo, mais prestando, cando cumpra, unha especial atención a España e a Galicia.

Historia do Mundo Contemporáneo. 1.º de bacharelato

<p>Bloque 1. O Antigo Réxime</p>	<p>B1.4. O pensamento da Ilustración.</p> <p>B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezodo século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías</p>
<p>Bloque 3. A crise do Antigo Réxime</p>	<p>B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais.</p> <p>B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español.</p>
<p>Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX</p>	<p>B9.1. Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX.</p> <p>B9.2. Estado do benestar.</p>
<p>Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina</p>	<p>B11.2. Fontes históricas.</p> <p>B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade.</p>

Xeografía e Historia	
O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para podermos entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles dá achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.	
Xeografía e Historia. 1.º de ESO	
Bloque 3. A Historia	B3.2. Fontes históricas
Xeografía e Historia. 2.º de ESO	
Bloque 3. A historia	B3.2. Fontes históricas
Bloque 2. O espazo humano	B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. (Niveis educativos) B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. (Niveis educativos)
Xeografía e Historia. 3.º de ESO	
Bloque 3. A historia	B3.2. Fontes históricas. B3.6. Idade Moderna: concepto e datación. B3.7. Renacemento e Humanismo: alcance posterior. B3.10. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.
Xeografía e Historia. 4.º de ESO	
Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789	B1.2. Ilustración.
Bloque 2. A era das revolucións liberais	B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.
Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)	B5.3. II República española e a Guerra Civil.
Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético	B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O «Welfare State». B7.3. Ditadura de Franco en España.
Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principios do XXI	B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. Impacto da educación.

Historia da Filosofía	
Comprender o pasado e o presente, e proxectar solución sobre os problemas que se nos formulen no futuro. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia.	
Historia da Filosofía. 2.º de bacharelato	
Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración	<p>B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.</p> <p>B4.8. Locke: liberalismo político.</p> <p>B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.</p> <p>B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant</p>

Filosofía	
A materia de Filosofía capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a.	
Filosofía. 4.º ESO	
Bloque 3. Socialización	B3.2. Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade.
Filosofía. 1.º de bacharelato	
Bloque 5. O ser humano desde a filosofía	<p>B5.6. Renacemento: antropocentrismo e humanismo.</p> <p>B5.7. Modernidade e século XIX: razón, emocións e liberdade.</p>

Valores Éticos	
A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica.	
Valores éticos. 1.º de ESO	
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humano	<p>B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.</p> <p>B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socio-culturais que fomentan a violencia e desigualdade de xénero.</p> <p>B5.3. Dereitos da infancia.</p>
Valores éticos. 3.º de ESO	
Bloque 4. A xustiza e a política	<p>B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH.</p> <p>B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.</p> <p>B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española.</p>
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos	<p>B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.</p> <p>B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influiron no seu desenvolvemento. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos á solidariedade, ao desenvolvemento e á paz)</p>
Valores éticos. 4.º de ESO	
Bloque 4. A xustiza e a política	<p>B4.1. Democracia e xustiza.</p> <p>B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.</p> <p>B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos</p>
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)	<p>B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).</p>

Xeografía	
A xeografía de España non pode concibirse só na diversidade que lle proporcionan as comunidades autónomas, senón que é necesario coñecer, ademais, as interdependencias que a vinculan co resto do mundo, en especial coa Unión Europea (UE)	
Xeografía. 2.º de Bacharelato	
Bloque 6. A poboación española	<p>B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.</p> <p>B4.8. Locke: liberalismo político.</p> <p>B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral.</p> <p>B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant</p>
Bloque 9. O sector servizos	B9.6. Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos.

Cultura Científica	
O desenvolvemento social, económico e tecnolóxico dun país, a súa posición nun mundo cada vez máis competitivo e globalizado, así como o benestar da cidadanía na sociedade da información e do coñecemento, dependen directamente da súa formación intelectual e, entre outros factores, da súa cultura científica.	
Cultura Científica. 4.º de ESO	
Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais	B5.1. Desenvolvemento da humanidade e uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do desenvolvemento. Globalización, deslocalización e desenvolvemento sustentable. Relación entre educación e desenvolvemento.

Psicoloxía	
A psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é a comprensión tanto da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación	
Psicoloxía. 2.º de bacharelato	
Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento	B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación, actitudes e valores.
Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións	<p>B6.1. Impacto das diferenzas culturais no comportamento individual: a súa influencia nos esquemas cognitivos, na personalidade e na vida afectiva.</p> <p>B6.2. Proceso de socialización. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.</p> <p>B6.3. Orixe social das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.</p> <p>B6.4. Roles sociais de xénero e as súas consecuencias no pensamento e na conduta do home e da muller.</p>

Lingua Galega e Literatura	
<p>A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minoración da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente.</p>	
Lingua Galega e Literatura. 1.º ESO	
Bloque 4. Lingua e sociedade	B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
Lingua Galega e Literatura. 2.º ESO	
Bloque 4. Lingua e sociedade	<p>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.</p> <p>B4.6. Situación legal das linguas do Estado español.</p>
Lingua Galega e Literatura. ESO. 3.º curso	
Bloque 4. Lingua e sociedade	<p>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</p> <p>B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.</p> <p>B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.</p>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4.º curso	
Bloque 4. Lingua e sociedade	<p>B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.</p> <p>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</p> <p>B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.</p> <p>B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.</p>
Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1.º curso	
Bloque 4. Lingua e sociedade	<p>B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.</p> <p>B4.7. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916.</p> <p>B4.4. Multilingüismo e plurilingüismo. Lingua minoritaria e lingua minorada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo.</p> <p>B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.</p>
Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2.º curso	
Bloque 4. Lingua e sociedade	<p>B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.</p> <p>B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.</p> <p>B4.8. A evolución da conciencia lingüística.</p>





# //Afundación

Obra Social ABANCA

Coa colaboración do  
IES Francisco Aguiar de Betanzos

